

CROCODILO NAMORADO

Texto e ilustracións de DANIELA KULOT

Tradución de MARC TAEGER e PILAR MARTÍNEZ

Encadernado en cartón. 23 x 30 cm. 32 páx. 16,50 €

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL) PORTUGAL

Crocodilo namorado (galego)

ISBN 978-84-8464-288-6. Álbum ilustrado. Demademora.

Cocodrilo se enamora (castelán)

ISBN 978-84-8464-290-9. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

El cocodrilo enamorat (català)

ISBN 978-84-8464-287-9. Álbum ilustrado. Obras de autor.

Krokodilo txikia maitemindu da (euskara)

ISBN 978-84-9172-114-7. Álbum ilustrado. Egile lanak.

Um pequeno Crocodilo temurento que só visto (português)

ISBN 978-989-8205-63-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

Hai días en que Crocodilo está inqueda.

Ás veces ten frío, ás veces ten calor,

ás veces está moi triste, e outras veces está tan contento

que lle gustaría darlle unha aperta a todo o mundo.


O que lle pasa é que está namorado...

Este título é o primeiro dunha serie protagonizada por Crocodilo e Xirafa, dous personaxes que se namoran e forman unha parella peculiar. Aparentemente, a súa relación podía resultar complicada porque a diferenza máis notable entre eles é a estatura.

Pero é aí onde Crocodilo emprega toda a súa maña, co obxectivo de chamar a atención de Xirafa. Así, succédense situacións cheas de humor coas que Crocodilo procura que ambos se atopen para que Xirafa poida percibir o seu interese por ela. Pero o azar encárgase de frustrar ese cruce de olladas e de sorrisos necesario para que xurda a chispa do amor.

Un libro sobre un sentimento universal que explica -cunha linguaxe sinxela e próxima- o torrente de sensacións e de emocións que se producen en quen se namora. Tamén destaca por abordar este tema dende un enfoque global, partindo de situacións cotiás. Nunha sociedade onde se procura a integración de razas, culturas, crenzas, e onde son cada vez máis habituais novas tipoloxías de familia, este álbum transmite unha mensaxe fundamental: non é cuestión de altura, peso, idioma ou costumes; cando irrompe o amor, todas as barreiras son superables.

Dende o punto de vista estético, o estilo de Daniela Kulot desprende dozura e colorido. A serie de Crocodilo e Xirafa continúa cos álbums titulados «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)», «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)».




- **Temática:** o amor e a parella.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** reflexión sobre o amor, que transcende barreiras, e sobre a aceptación das diferenzas; parella, familia; outros títulos da serie: «[Unha parella diferente](#)», «[Unha casa á medida](#)», «[Unha familia normal](#)» e «[Unha gran sorpresa](#)»; da autora de «[Bromas na escuridade](#)».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/crocodilo-namorado-g>

Daniela Kulot

(Schongau, 1966)

Estudou Educación Artística, Lingua e Literatura Alemá na Universidade de Augsburg -onde tamén foi profesora de debuxo-, ademais de realizar cursos de deseño gráfico e ilustración, completando a súa formación na Escola de Belas Artes de Múnic. En 1993 empezou a traballar como pintora, ilustradora e deseñadora *freelance*. Visitando feiras internacionais de literatura infantil, a editorial Thienemann deulle a primeira oportunidade de publicar. A súa obra expúxose na Bienal Internacional de Bratislava e en cidades de Alemaña, Estonia, Rusia e Xapón, entre outros países. Os seus libros traducíronse a máis de 30 idiomas.

<http://daniela-kulot.de>



www.**kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com